

1. DATOS IDENTIFICATIVOS DA DISCIPLINA	
CÓDIGO	
MATERIA	Prácticas de escrita dramática
DISCIPLINA	ESCRITA DRAMÁTICA V
TITULACIÓN	Título Superior en Arte dramática
ESPECIALIDADE	Dirección escénica e dramaturxia
ITINERARIO	Dramaturxia
CURSO	3º (1º cuatrimestre)
CRÉDITOS ECTS	3
CARÁCTER	Obrigatorio
DEPARTAMENTO	Dirección escénica e dramaturxia
CENTRO	ESAD de Galicia
COORDINADOR/A	Joan Giralt-Bailach
DOCENTES	Nome e apelidos: Joan Giralt-Bailach Horario titorías: Despacho: Dirección escénica e dramaturxia Contacto: joangiraltbailach@edu.xunta.gal
DESCRIBIÓN	Práctica da escrita dramática do guión audiovisual cinematográfico na que se integran os procedementos e os coñecementos adquiridos. Experimentación da complexidade dos procesos poético-productivos e da planificación dos procesos estético-receptivos. Adestramento nos métodos de traballo. Valoración e crítica do resultado e da metodoloxía de traballo para a produción de sentido e para a construción da recepción.
COÑECEMENTOS PREVIOS	Escrita dramática IV
LINGUA EN QUE SE IMPARTE	Galego
2. COMPETENCIAS	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS DE GRAO	
T1	Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.
T6	Realizar autocrítica cara o propio desempeño profesional e interpersoal.
T7	Utilizar as habilidades comunicativas e a crítica construtiva no traballo en equipo.
T8	Desenvolver razoada e criticamente ideas e argumentos.
T9	Integrarse adecuadamente en equipos interdisciplinarios e en contextos culturais diversos.
T11	Desenvolver na práctica profesional unha ética profesional baseada na apreciación e sensibilidade estética, medioambiental e cara á diversidade.
T12	Adaptarse, en condicións de competitividade, aos cambios culturais, sociais e artísticos e aos avances que se producen no ámbito profesional e seleccionar as canles adecuadas de formación continuada.
T13	Buscar a excelencia e a calidade na súa actividade profesional.
COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN	

X2	Comprender psicolóxicamente e empatizar para entender e sentir as vidas, situacións e personalidades alleas, utilizando de maneira eficaz as súas capacidades de imaxinación, intuición, intelixencia emocional e pensamento creativo para a solución de problemas; desenvolvendo a súa capacidade para pensar e traballar con flexibilidade, adaptándose ás demais persoas e ás circunstancias cambiantes do traballo, así como a conciencia e o uso saudable do propio corpo e o equilibrio necesario para responder aos requisitos psicolóxicos asociados ao espectáculo.
X4	Comunicar, mostrando capacidade suficiente de negociación e organización do traballo en grupo, a integración en contextos culturais diversos e o uso das novas tecnoloxías.
X5	Fomentar a expresión e a creación persoal, integrando os coñecementos teóricos, técnicos e prácticos adquiridos; mostrando sinceridade, responsabilidade e xenerosidade no proceso creativo; asumindo o risco, tolerando o fracaso e valorando de maneira equilibrada o éxito social.
X6	Desenvolver unha metodoloxía de traballo, estudo e investigación encamiñada á autoformación na propia disciplina, procurando ámbitos axeitados para a formación continuada e para adaptarse a diversas situacións, especialmente ás derivadas da evolución da súa profesión.
X8	Vincular a propia actividade teatral e escénica a outras disciplinas do pensamento científico e humanístico, ás artes en xeral e ao resto de disciplinas teatrais en particular, enriquecendo o exercicio da súa profesión cunha dimensión multidisciplinar.

COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DA ESPECIALIDADE

ED1	Concibir propostas escénicas que fundamentan o espectáculo, xerando e analizando conceptos, textos e imaxes e valorando as súas propiedades representativas e a súa calidade estética.
ED2	Proxectar a composición do espectáculo, utilizando todos os coñecementos estéticos e técnicos necesarios sobre as diferentes linguaxes e códigos que participan na representación.
ED3	Planificar e conducir o proceso xeral de creación do espectáculo, aplicando a metodoloxía de traballo pertinente.
ED5	Investigar para concibir e fundamentar o proceso creativo persoal, tanto no que se refire á metodoloxía de traballo como á renovación estética.

3. OBXECTIVOS DA DISCIPLINA	COMPETENCIAS VINCULADAS
1. Iniciarse na escrita do guión audiovisual a partir das premisas dos modelos paradigmáticos.	T1. T6. T8. T12. T.13. X2. X5. X8. ED1.
2. Ordenar e sistematizar os procesos de creación da escrita do guión de cine.	T1. T6. T7. T9. T13. X4. X5. X6. ED2. ED3. ED5.
3. Explorar a efectividade das fases da escrita.	T7. X. ED1. ED5.
4. Desenvolver a capacidade de narrar accións con imaxes.	T1. T6. T11. X5. X8. ED1. ED5.
5. Distinguir os diferentes modelos de guión e as súas estratexias.	T1. T13. X5. X6. ED2. ED3. ED5.
6. Adquirir as habilidades e ferramentas necesarias para realizar o guión dunha longametraxe.	T1. T13. X4. X6. ED2. ED5.
7. Proxectar e realizar a escrita dun guión audiovisual de creación propia seguindo as premisas formais e os modelos estruturais estudados.	T1. T6. T7. T8. T9. T11. T12. T13. X2. X4. X5. X8. ED1. ED2. ED3. ED5.

4. CONTIDOS

TEMAS	SUBTEMAS	SESIÓNS
-------	----------	---------

1. O sistema narrativo e o discurso audiovisuais.	1.1. A escrita secuencial da acción con imaxes. 1.2. Os compoñentes visuais. 1.3. Accións e acontecementos. Personaxes e escenarios.	2
2. O proceso creativo da escrita de guión audiovisual I: Idea.	2.1. Do punto de partida ao organigrama da idea: a liña da historia. 2.2. Premisas dramáticas: tramas mestras, paradoxos e hipóteses. Os xéneros e as tipoloxías das historias. 2.3. Premisas temáticas. Idea controladora e contraidea. O principio fundador. 2.4. Personaxes e arcos de transformación.	6
3. Aspectos formais na escrita e presentación do guión.	3.1. Fases. 3.2. Modelos e formatos.	2
4. Proceso creativo II: Estrutura e Trama	4.1. Modelos estruturais. Monotrama (trama principal e subtramas) e multitrama (converxentes, paralelas ou alternadas). 4.2. Estrutura (restauradora) dos tres actos. Paradigma da trama: detonante, puntos de xiro ou inflexións, clímax. Recursos de interese dramático. 4.3. Alternativas estruturais: estruturas irónicas e transgresoras, desviacións e perversións.	6
5. División do saber narrativo e xeración de expectativas.	5.1. Modalidades: igualdade, inferioridade e superioridade. 5.2. Recursos: sorpresa, suspense, misterio e ironía dramática	4
6. Proceso creativo III: Escaleta.	6.1. O deseño das escenas: núcleos ou nós de acción; pulsos e impulsos; pasos e compases. 6.2. Escaleta de nós de acción. 6.3. Escaleta de escenas	8
7. Proceso creativo IV: Sinopse.	7.1. A sinopse coma ferramenta de revisión e avance. 7.2. A sinopse coma documento de presentación	2
8. Proceso creativo V: Tratamento.	8.1. Tratamento por nós de acción. 8.2. Tratamento por escenas.	15
9. Proceso creativo VI: Borrador final.	9.1. A escrita dos diálogos. 9.2. Das reescritas ao borrador final.	15
TOTAL SESIÓNS		60

5. PLANIFICACIÓN DOCENTE

Actividade / Número de horas	Presencial (horas)	Non presencial (horas)	Total
Exposición práctico-teórica	20	10	30
Práctica individual	30	10	40
Práctica colectiva	10	5	15
Titorías individuais	5		5
Titorías de grupo			
Actividades de avaliación. Probas			
Actividades de avaliación. Presentacións / mostras			
Actividades de avaliación. Revisión			

	TOTAL	65 h	25 h	90 h
	PORCENTAXE	72%	28%	100%
6. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍAS DE ENSINANZA E APRENDIZAXE				
Actividades	Descrición			
Exercicios formais.	Exercicios ao redor de formatos, modalidades e ferramentas do audiovisual.			
Práctica das fases da escrita dramática audiovisual.	Exercicios de escrita a partir de distintas técnicas do guión audiovisual de ficción dramática e coa aplicación de diversos recursos e estratexias nas diferentes fases: despregamento da idea; traballo das estruturas; escaleta dos nós de acción da trama; sinopse; tratamento por escenas e borrador final.			
Análise de relatos audiovisuais.	Exercicios de análise de longametraxes e curtametraxes de ficción e guións relacionados coas fases da escrita.			
Reescrita.	Exercicios de reescrita nas diferentes fases de creación.			
Lectura pública e análise dos exercicios das fases de escrita.	Lectura na aula e análise do emprego dos recursos e estratexias narrativas e dramáticas nas fases de escrita do guión. Análise dos efectos na recepción			
Escrita dun guión orixinal.	Aplicación de todas as actividades e dos contidos na escrita final do borrador final dun guión audiovisual de ficción orixinal			
7. ATENCIÓN PERSONALIZADA				
Seguimento	Seguimento da diversidade e da especificidade en cada tarefa e exercicio.			
Orientación	Orientación respecto ás dúbidas e inquiredanzas que xurdan.			
8. FERRAMENTAS DA AVALIACIÓN				
8.1 Avaliación ordinaria				
Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas		Ponderación	
Seguimento diario	T1. T6. T7. T8. X5. X6. X8. ED3.		5%	
Exercicios parciais de análise sobre a lectura de guións e o visonado de materiais audiovisuais.	T6. T7. T8. T11. T13. X2. X4. X8. ED1. ED5.		20%	
Exercicios parciais e globais de escrita de guión audiovisual: - escenas modelo e compoñentes visuais - desenvolvemento de recursos e estratexias da idea narrativa - organización estrutural - escaleta de nós de acción e escenas - redacción de sinopse-tratamento de escenas - borrador final (dunha curtametraxe ou dun fragmento de longametraxe)	T1. T6. T7. T8. T9. T11. T12. T13. X2. X4. X5. X6. X8. ED1. ED2. ED3. ED5		75%	
8.2. Avaliación extraordinaria				
Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas		Ponderación	

Exame. Exercicios de análise e escrita que implican procedementos exercitados no curso.	T1. T6. T7. T8. T9. T11. T12. T13. X2. X4. X5. X6. X8. ED1. ED2. ED3. ED5	50%
Borrador final dunha curtametraxe.	T1. T6. T7. T8. T9. T11. T12. T13. X2. X4. X5. X6. X8. ED1. ED2. ED3. ED5	50%

8.3 Avaliación específica para alumnado sen avaliación continua / ordinaria / extraordinaria

Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Exame. Exercicios de análise e escrita que implican procedementos exercitados no curso.	T1. T6. T7. T8. T9. T11. T12. T13. X2. X4. X5. X6. X8. ED1. ED2. ED3. ED5	60%
Borrador final dunha curtametraxe.	T1. T6. T7. T8. T9. T11. T12. T13. X2. X4. X5. X6. X8. ED1. ED2. ED3. ED5	40%

9. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E OUTROS RECURSOS

Referencias básicas:

Canet, Fernando, e Josep Pròsper (2009): *Narrativa audiovisual. Estrategias y recursos*, Madrid, Síntesis.
 Marín, Fernando (2011): *Cómo escribir el guión de un cortometraje*, Barcelona, Alba.
 McKee, Robert (2002): *El guión. Sustancia, estructura, estilo y principios de la escritura de guiones*, Barcelona, Alba
 Sánchez Escalonilla, A. (2001): *Estrategias de guión cinematográfico*, Barcelona, Ariel.
 Truby John (2007): *Anatomía del guión. El arte de narrar en 22 pasos*, Barcelona, Alba.

Referencias complementarias:

Balló, J.; e Xavier Pérez (1997): *La semilla inmortal. Los argumentos universales en el cine*, Barcelona, Anagrama.
 Carrière, Jean-Claude (1997): *La película que no se ve*, Barcelona, Paidós.
 Carrière, J.-C. e Pascal Bonitzer (1991): *Práctica del guión cinematográfico*, Barcelona, Paidós.
 García Jiménez, Jesús (1994): *Narrativa audiovisual*, Madrid, Cátedra.
 Seger, Linda (2000): *Cómo crear personajes inolvidables*, Barcelona, Paidós.
 Tobías, Ronald (1999): *El guión y la trama*, Ediciones Internacionales Universitarias.
 Tubau, Daniel (2006): *Las paradojas del guionista. Reglas y excepciones de la práctica del guión*, Barcelona, Alba.
 Vanoye, F. (1996): *Guiones modelo y modelos de guión*, Barcelona, Paidós.

10. OBSERVACIÓNS / RECOMENDACIÓNS

Esta guía pode ser sometida a variacións en función de acordos tomados de común acordo entre as partes.

MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a ESAD de Galicia establece unha planificación extraordinaria que se **ACTIVARÁ NO MOMENTO EN QUE A ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA O DETERMINE**, atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da presente programación docente. No suposto de que se produza unha emerxencia, a presente programación non sufrirá máis modificación que a derivada da necesidade de articular unha avaliación non presencial, para o que se establecerán as adaptacións necesarias nas actividades e ferramentas de avaliación, en relación coas competencias que se indican e coa ponderación que se sinala. Para o caso da avaliación non presencial de toda a disciplina, as ferramentas e actividades de avaliación serían as que seguen:

ACTIVIDADE 1: Seguimento telemático.

Competencias: T1. T6. T7. T8. X5. X6. X8. ED3.

Ponderación: 10%

ACTIVIDADE 2: Cartafol co traballo da fases de escrita do guión.

Competencias: T1. T6. T7. T8. T9. T11. T12. T13. X2. X4. X5. X6. X8. ED1. ED2. ED3. ED5.

Ponderación: 30%

ACTIVIDADE 3: Borrador final dunha curtametraxe.

Competencias: T1. T6. T7. T8. T9. T11. T12. T13. X2. X4. X5. X6. X8. ED1. ED2. ED3. ED5.

Ponderación: 60%

No caso de que o tránsito se produza iniciado xa o curso escolar, o profesorado combinará a avaliación do traballo presencial do alumnado coa avaliación do traballo non presencial, determinando as ferramentas (presenciais e non presenciais) a utilizar e a ponderación das mesmas.

AS PRESENTES MEDIDAS PODERÁN SER OBXECTO DE MODIFICACIÓN EN FUNCIÓN DAS DIRECTRICES OU INTRUCIÓN S QUE POIDA FACER PÚBLICAS A ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA, QUE SE COMUNICARÁN EN TEMPO E FORMA AO ALUMNADO POLAS CANLES HABITUAIS (PÁXINA WEB E CORREO ELECTRÓNICO).